

VISITA AO PARQUE NATURAL AS FRAGAS DO EUME -O BOSQUE ATLÁNTICO-

BIOLOXÍA E XEOLOXÍA CURSO 2023-24 Belén Díaz



Francisco Lopez Riveiros, CC BY 3.0, via Wikimedia Commons

- A paisaxe, a xeoloxía e clima
- A fraga
- A flora e a fauna
- Importancia das Fragas e ameazas
- Patrimonio
- Protección e normas


Alumno/a: _____

A PAISAXE Arrodeia os termos adecuados ou completa:

- Que tipo de paisaxe observamos? Natural / rural / urbano / industrial
- Actividades humanas que identificas:
agricultura / gandería / pesca / minería / industria/ transporte/ enerxía / vivenda
- Xeografía física. Que elementos observas? Montañas / chairas / costas / ríos
- Xeomorfoloxía: Que formas recoñeces na paisaxe?:
chairas/ illas / canón dun río / montañas / praias / rochas / volcáns / lago

XEOLOXÍA

Hai uns 65 millóns de anos, esta zona era chá, pero a nivel mundial houbo unha reorganización ao chocar as _____ e formarse o Himalaia, os Alpes ou Pirineos. O resultado foi que uns bloques subiron e outros baixaron. Os que quedaron altos son as actuais _____ e os que quedaron baixos, son os _____. Cando un val escavado por un río é asolagado polo mar, fórmase unha _____



shutterstock.com · 2243058669

- Que axente modelador escavou este val? vento/ xeo / río
- Como se chama este río? _____
- En que serra nace o río? _____

O mar está moi cerca, por iso o río tivo que escavar moito para percorrer os 76 km que o separaban do mar.

- En que ría desemboca? _____
- Que rochas se poden ver na zona?

Granito / lousas e xistos / calcaria / rocha volcánica

CLIMA

- Que clima ten esta zona? mediterráneo / continental / atlántico
- Que patrón de precipitacións ten? moita seca / abundante chuvia todo o ano
- Por que chove tanto nesta zona? Marca as 3 respostas correctas:
 - está moi lonxe o mar
 - as montañas fan que as nubes suban, estas arrefrían e iso fai que chova.
Isto chámase efecto Foehn
 - en España, chove máis cara ao leste
 - a cercanía ao mar fai que chegue moita humidade
 - na península Ibérica as borrascas entran polo oeste

- O clima nesta zona foi distinto noutras épocas:

Hai uns 5 millóns de anos, era subtropical, é dicir:

Marca a correcta:

desértico / cálido e húmido / glacial

- Que vexetación moi importante queda desa época?: fentos/ piñeiros da tundra

A FRAGA

- Que ecosistema vemos aquí?

mariño / deserto / costa / montaña / bosque / lago

- Que especies de plantas predominan?:

anxiospermas caducifolias / ximnospermas coníferas

As árbores non poden medrar directamente sobre a rocha, ten que formarse o _____

A vexetación aparece por orde, e chámase **sucesión**. Coloca en orde como van medrando as plantas segundo pasa o

tempo:

árbores, musgos,

liques, arbustos,


herbas










1 _____ 2 _____ 3 _____ 4 _____ 5 _____

RELACIÓNS NO ECOSISTEMA:







Os seres vivos relaciónanse entre si e co medio. Atrévete a escribir os elementos desta _____ trófica? Quen son os "descompoñedores", os únicos que poden reciclar a materia para que a volvan coller os produtores?








CANTAS ÁRBORES DAS FRAGAS COÑECES?







	NOME EN CASTELÁN	
CARBALLO <i>(Quercus robur)</i>	
BIDUEIRO <i>(Betula pubescens)</i>	
ABELAIRA <i>(Corylus avellana)</i>	
FREIXO <i>(Fraxinus angustifolia)</i>	
ACEVO, ACIVRO ou XARDÓN, <i>(Ilex aquifolium)</i>	
PRADAIRO <i>(Acer pseudoplatanus)</i>	
CASTIÑEIRO <i>(Castanea sativa)</i>	







CANTAS AVES DAS FRAGAS COÑECES? Di o seu nome:

	NOME EN CASTELÁN	
FERREIRO ABELLEIRO <i>(Parus major)</i>	
PAPORRUBIO <i>(Erithacus rubecula)</i>	
PEGA REBORDÁ <i>(Garrulus glandarius)</i>	
LAVANDEIRA BRANCA <i>(Motacilla alba)</i>	
CORVO VIARAZ <i>(Corvus corone)</i>	
PEGA RABILONGA <i>(Pica pica)</i>	

	NOME EN CASTELÁN	
<p>MERLO RIEIRO (<i>Cinclus cinclus</i>)</p>	<p>.....</p>	
<p>CARRIZA (<i>Troglodytes troglodytes</i>)</p>	<p>.....</p>	
<p>MIÑATO COMÚN, (<i>Buteo buteo</i>)</p>	<p>.....</p>	
<p>POMBO TORCAZ, (<i>Columba palumbus</i>)</p>	<p>.....</p>	
<p>MERLO COMÚN, (<i>Turdus merula</i>)</p>	<p>.....</p>	

QUE OUTROS ANIMAIS DAS FRAGAS COÑECES?

	NOME EN CASTELÁN	
MARTARAÑA (Martes martes)	
GATO BRAVO (Felis silvestris)	
LEIRÓN (Eliomys quercinus)	
LONTRA (Lutra lutra)	
MORCEGO DE FERRADURA (Rhinolophus hipposideros)	
CORZO (Capreolus capreolus)	

	NOME EN CASTELÁN	
LAGARTO DAS SILVAS <i>(Lacerta schreiberi)</i>	
SALAMÁNTIGA GALEGA <i>(Chioglossa lusitanica)</i>	
TROITA <i>(Salmo trutta)</i>	
VACALOURA <i>(Lucanus cervus)</i>	
ARAÑA TIGRE <i>(Argiope bruennichi)</i>	
LESMA <i>(Geomalacus maculosus)</i>	

IMPORTANCIA DAS FRAGAS

1. Como participan os bosques no ciclo da auga?




2. Por que se di que os bosques impiden a erosión?



3. O aumento de CO_2 na atmosfera por queimar combustibles fósiles está aumentando o efecto invernadoiro e a crise climática.

Para contrarrestarlo, hai que plantar árbores.

Por que se di que as árbores captan CO_2 ?



4. A humidade e situación destes bosques permitiu a supervivencia de especies "relictas", mostra de que houbo épocas, neste caso, con climas máis cálidos. Son, por exemplo, *Davallia canariensis*, *Culcita macrocarpa* e *Woodwardia radicans*, e están en perigo de extinción. A que grupo pertencen?

- a. musgos
- b. árbores caducifolias
- c. fentos
- d. plantas con flores

AMEAZAS SOBRE A FRAGA

Ponlle nome ao que ameaza aos bosques:



publicdomainvectors.org



CREATED BY VECTORPORTAL.COM



Cultivo de _____



_____ asociada á crise climática

O PATRIMONIO


Son restos da cultura que teñen valor **histórico, tecnolóxico, social, arquitectónico** ou **científico**.

Nome			
Valor			

O PARQUE NATURAL: PROTECCIÓN E NORMAS

Para protexelas, as Fragas declaráronse PARQUE NATURAL no ano _____

- Cales son os 5 concellos que comparten este espazo protexido?



1. A C _____

2. As P _____

3. C _____

4. P _____

5. M _____

- Escribe polo menos 5 normas que hai que cumprir no medio natural:
